

VIGO

Catro mostras chegan a Vigo da man do Outono Fotográfico

Miguel Vidal, Carlos Puga e o colectivo Alnorte na sección oficial xunto a Janite mostrarán os seus traballos



Dende a esquerda, imaxes das exposicións de Janite, do colectivo Alnorte e de Miguel Vidal.

A.BAENA, VIGO
abaena@atlantico.net

■ ■ ■ A festa da fotografía, O Outono Fotográfico celebra unha nova edición. Mañá, o seu director Xosé Lois Vázquez, e a curadora das exposicións de Vigo, Rita Ibarretxe, presentarán o programa deste ano na sala Soho, na Praza de Compostela.

O festival reserva para a cidade catro exposicións: tres dentro da sección oficial: a de **Miguel Vidal**, "Room III", que se inaugurarán ese mesmo día no propio Soho; **Carlos Puga**, que presentará "Dejó que lo mataran" na galería Sargadelos, o 7 de novembro; e o colectivo Al-Norte amosará na mesma sala, dous días despois, a escolma "Cuaderno de ejercicios para poetas visuales".

Fora da sección oficial, o vigués **Janite** desvelará "Pegada", no local Detrás do Marco, con outros dous días de diferenza, o 13 de novembro. Estas mostras forman parte de un calendario de inauguracións por salas de 22 localidades de todo o país. Con charlas, obradoiros e exposicións, o festival Outono Fotográfico, xurdido en Ourense, celebra unha festa ao redor da imaxe. ■

Breve

As conversas de Monseñor Escrivá de Balaguer en galego

A editorial Follas Novas presentará en Vigo, o 26 de novembro, a tradución do legado de Monseñor Escrivá de Balaguer ao galego. Baixo o título "Conversacións con Monseñor Escrivá de Balaguer, recolle un libro editado en 1968 na súa primeira edición. Reproduce sete entrevistas que concedeu Josemaría entre 1966 e 1968 en varios xornais e revistas tradicionais. ■

abanca.com

f ABANCA @SomosABANCA

Se te imaxinas a ti mesmo dentro de 20 anos, como te ves?



Plans de pensións

Trae o teu plan de pensións e consegue ata un **3%** de bonificación en efectivo.

ABANCA
Seguros

O banco dixital con máis de 700 oficinas

Programa válido para achegas extraordinarias ou traspasos doutras entidades aos Plans de Pensións individuais de ABANCA do 5 de outubro ao 31 de decembro de 2015. Entrega da bonificación en efectivo suxeita a IRPF. Aboarase un 3% bruto para traspasos ou achegas extraordinarias de importe superior a 8000 € cun límite de bonificación de 4000 € brutos e cun compromiso de permanencia de 5 anos. Para achegas extraordinarias ou traspasos entre 1000 € e 8000 € inclusive, a bonificación será dun 2% bruto cun compromiso de permanencia de 5 anos. A bonificación en efectivo aboarase na conta asociada ao Plan nun único pagamento durante o mes seguinte ao que se faga efectivo a achega ou traspaso. No caso de que se acumulen varias achegas ou traspasos, a bonificación efectuarase cando se faga efectivo o total das achegas e/ou traspasos. ABANCA Corporación Bancaria S.A. Entidade Depositaria e Promotora dos Plans de Pensións individuais ABANCA Corporación Bancaria S.A. inscrita no R.M. da Coruña, tomo 3426 do arquivo, Sección Xeral, no folio 171 folia C-47803; inscrición 129ª CIF - A70302039; ABANCA Vida e Pensións, Entidade Xestora Fondos de Pensións. inscrita no R.M. da Coruña, tomo 607 do arquivo, libro 335, sección 3ª, folio 123, folia 3.694. inscrición 1ª, CIF-A15140387